

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES 2025

Centro de Estudos Galegos en Gales

Celebracións e difusión da cultura galega

23 de Febreiro 2025

Commemoración do día de Rosalía de Castro. Co fin de achegar aos estudantes a unha figura fundamental da nosa literatura, crearase un pequeno posto no corredor do Departamento de Linguas e Culturas Modernas con infografía sobre a autora. Así mesmo, poñeranse á súa disposición diferentes libros da autora dispoñibles na biblioteca da Universidade e levarase a cabo un *photocall* cunha figura de Rosalía de Castro para poder o estudantado sacárense fotos.

25 de Febreiro 2025

Celebración do Entroido no departamento de Linguas e Culturas Modernas . O alumnado terá a oportunidade de coñecer máis de cerca as tradicións de distintas vilas galegas durante o entroido, así como de degustar doces galegos. Ademais, levarase a cabo un taller de decoración de mascas e farase un *quiz* sobre o entroido.

8 Marzo 2025

Commemoración do Día da Muller coa presentación das mulleres máis influentes da nosa historia. Desenvolverase unha pequena exposición nos corredores do Departamento de Linguas e Culturas Modernas a través de fotografías e unha pequena descrición de cada unha para representar a presenza de mulleres galegas en diferentes sectores: cultura, ciencia, deportes...

Marzo 2025



Taller de cociña galega nunha cociña comunal da que dispón a Universidade de Bangor. Este evento permitirá ao alumnado participar nun taller de elaboración de comida tradicional galega que xa degustaron noutras celebracións, coma o entroido. Aprenderán a facer doces galegos.

7 Abril 2025

Visita dun instituto de Pontearreas (IES Val do Tea) que realiza un intercambio lingüístico cun colexio da zona. Para aproveitar a visita a Gales, convidouse aos estudantes de ambos colexios a pasar un día na Universidade. Farase difusión da actividade do Centro de Estudos Galegos a través de dúas actividades: unha busca do tesouro e unha actividade artística na que, por equipos, terán que construír un monumento representativo da área de cada un e logo expoñelo.

Abril 2025

Proxección, para todos os públicos, dun programa de gastronomía gravado en Galicia. O programa foi emitido por unha canle de televisión galesa e amosa non só a gastronomía galega senón tamén a paisaxe, a cultura e a xente.

Abril 2025

Participación nas xornadas de recepción de futuros estudantes. Levarase a cabo unha actividade de promoción da lingua e cultura galega co obxecto de promocionar as linguas menos coñecidas que se ofertan na Universidade.

Novembro 2025


Celebración do Magosto no departamento de Linguas e Culturas Modernas. Durante este evento, o alumnado poderá gozar de comida tradicional galega e castañas asadas ao tempo que descobre máis sobre esta tradición. Así mesmo, terá a oportunidade de escoitar ao alumnado de último curso compartir as súas experiencias no ano no estranxeiro nalgunha universidade galega.




Difusión e investigación:

- Publicación do número 2025 da revista especializada [Galicia 21: Journal of Cultural Galician Studies](#).

Asinado:



Paula Moure Blanco
Lectora



Pfa. Dra. Helena Miguélez
Directora

